

Aprenderei máis e mellor

Fomentar a curiosidade do alumnado desde a súa emoción.

“Se esperta a miña curiosidade e me emociona, aprenderei máis e mellor”.



Aprender manipulando.



“Déixame facelo e aprenderei máis e mellor”.

Aplicar o método científico.

“Déixame equivocarme e aprenderei máis e mellor”.



Facer protagonista o alumnado do proceso de aprendizaxe.



“Si é importante para min, se me vale para comunicar, aprenderei máis e mellor”.



Víveo!

O Novo Contexto de Aprendizaxe (NCA) é un marco de referencia baseado na aprendizaxe competencial, experiencial, transversal, instrumental, social, adaptativo e, á vez, contextualizado en cada unha das obras educativas de La Salle.



colegioslasalle.org



Transformando a educación, transformamos o mundo.

Claves NCA en Educación Infantil



A nena e o neno, no centro do noso proxecto

O Novo Contexto de Aprendizaxe (NCA) xa se vive nas aulas das escolas La Salle.

Esta revolución obedece á necesidade de transformar pedagoxicamente a nosa escola, dotando o proceso de aprendizaxe dun novo modelo baseado en sólidos principios pedagóxicos e en diferentes ámbitos de aprendizaxe que permiten que crezan persoas capaces de transformar o noso presente e construír o noso futuro.



NCA en La Salle



Apostamos por un proxecto que pon o alumnado no centro e ofrece unha educación individualizada, adaptada ás necesidades de cada un.

Respectamos os ritmos de desenvolvemento e aprendizaxe co obxectivo de acompañar a persoa no seu crecemento e formación.



Implicamos a familia como un dos alicerces esenciais sobre os que se constrúe o noso proxecto.

Educamos na interioridade e na xestión das emocións.



Fomentamos a aprendizaxe cooperativa para aprender a traballar en equipo.



Rompemos coa aula tradicional, xa que o espazo é un elemento máis do proceso de aprendizaxe.



Promovemos dinámicas no día a día onde o movemento se converte nunha ferramenta importante para aprender en idades temperás.

